

ANEXO III

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E
DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ
DE BENEFICIARIO DAS AXUDAS**

D/Dña _____ con DNI nº _____
en nome e representación da entidade _____
con NIF nº _____,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada _____
a dita entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obtéña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante **DECLARA** que non se atopa incursión en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, _____ de _____ de 200__

(Sinatura e selo da entidade)

Orde do 20 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e se procede á súa convocatoria.

A Consellería de Innovación e Industria, segundo o Decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, asume as competencias da Xunta de Galicia en materia de sociedade da información e do coñecemento. Ten, polo tanto, como unha das súas prioridades, impulsar dun xeito decidido a incorporación de toda a sociedade galega aos novos recursos tecnolóxicos da información e a comunicación e situar a comunidade autónoma nos niveis que acadan as rexións máis avanzadas do noso contorno nesta materia.

Neste proceso, é fundamental o apoio ás empresas, con especial atención ás Pemes, para a incorporación de tecnoloxías e solucións que fagan máis competitivos e rendibles os seus procesos, que lles faciliten as relacións cos seus provedores e clientes e que, en definitiva, lles permitan acadar un posicionamento competitivo acorde coas exigencias actuais.

Cómpre, asemade, fomentar o desenvolvemento das empresas do propio sector TIC, provedor de novos servizos e contidos, para acadar un desenvolvemento harmónico da oferta e a demanda, xa que está comprobado que esta non prospera axeitadamente se non existen aplicacións, servizos e contidos innovadores, deficiencia que limita a capacidade competitiva da nosa sociedade. A procura da creación e potenciación de novos mercados, o incremento da produtividade dos traballadores, a eficiencia pública e da calidade de vida, son orientacións estratéxicas básicas para actuacións dentro das

empresas dedicadas ás tecnoloxías da información e ás comunicacións.

Ao mesmo tempo, é pretensión desta consellería impulsar o desenvolvemento do software libre, por entender que se trata dunha ferramenta de futuro que permite maior liberdade ao país no seu desenvolvemento industrial, maior liberdade para os usuarios, pode propiciar a colaboración e, en definitiva, facilitar a creación de solucións innovadoras. Con esta finalidade establécese nesta convocatoria unha intensidade de axuda superior para aqueles proxectos que empreguen o software de código aberto.

O contido desta orde axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia e financiarase coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e, en consecuencia, a súa tramitación quedará condicionada ao cumprimento do sinalado na normativa da Unión Europea.

En consecuencia, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto a convocatoria de axudas públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a incentivación de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións, así como para o desenvolvemento de aplicacións e servizos relacionados coa integración das tecnoloxías da información e as comunicacións no mundo da empresa na Comunidade Autónoma de Galicia, e proceder á súa convocatoria para o ano 2006.

Artigo 2º.-Aplicación orzamentaria.

Para a concesión das axudas propias das actuacións que se convocan e que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito global correspondente á aplicación orzamentaria que se menciona, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder):

Aplicación	Denominación	2006 (euros)	2007 (euros)	2008 (euros)
10.04.712-B.773.0	Desenvolvemento da sociedade da información	3.300.000	1.000.000	700.000

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

Dadas as características do obxecto da presente orde, as axudas que se convocan poderán solicitarse para proxectos e actuacións plurianuais, de acordo co indicado no artigo 9º da convocatoria, cando parte do proxecto ou actuación se realice no ano 2006 e se solicite axuda para tal exercicio.

Artigo 3º.-Beneficiarios

Serán beneficiarias as empresas privadas, con personalidade xurídica, validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes así como os empresarios individuais que teñan a súa sede social ou algún centro de traballo na Comunidade

Autónoma de Galicia, que reúnan os requisitos establecidos en cada un dos tipos de actuación subvencionables definidos no artigo 4º.

Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión, así como os demais que se prevexan nesta orde. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

Para a clasificación das empresas segundo o seu tamaño, actuarase de acordo coa Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio) sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, de acordo cos seguintes criterios:

-Microempresas: as que teñen menos de dez traballadores e un límite de 2 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

-Pequenas empresas: as que teñen entre 10 e 49 traballadores e un límite de 10 millóns de euros para o volume de negocio e o balance xeral.

-Medianas empresas: as que teñen entre 50 e 249 traballadores. O límite do volume de negocio é de 50 millóns de euros e o do balance xeral de 43 millóns de euros.

O cómputo dos efectivos e límites en caso de empresas asociadas ou vinculadas deberá efectuarse como dispón o artigo 6, números 2 e 3, do anexo da citada recomendación da comisión.

En todo caso, observarase ao disposto na normativa da Unión Europea en relación cos sectores considerados como sensibles.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

1. Os proxectos susceptibles de ser obxecto destas axudas deberán encadrarse nalgunha das seguintes liñas:

a) Acceso á sociedade da información das empresas.

Os proxectos encadrados nesta liña deberán ter como finalidade acadar a dixitalización da empresa a través da mellora nos elementos centrais do seu sistema de información.

Os solicitantes definirán un único proxecto no cal se recollerán unha ou varias das seguintes actuacións:

-Implantación ou mellora da rede de datos interna da empresa, que pode incluír tamén os elementos necesarios para o acceso á internet.

-Implantación de aplicacións informáticas realizadas a medida para o solicitante, ou parametrización en profundidade de librarías de software existentes no mercado, destinadas aos sistemas centrais de información e xestión da empresa.

-Instalación de aplicacións informáticas que faciliten as transaccións electrónicas de produtos ou servizos entre o solicitante e terceiros. Deberán ser accesibles desde o exterior da empresa, por terceiros, empregando un programa cliente (navegador da internet, EDI, etc.).

No caso de aplicacións de comercio electrónico de empresa ao consumidor (B2C), é imprescindible incluír sistemas de pagamento electrónico mediante pasarela bancaria.

No caso de aplicacións de comercio electrónico de empresa a empresa, (B2B), deberase incluír control ou autenticación de usuarios. Non é imprescindible incluír sistemas de pagamento electrónico, mais non serán subvencionables as aplicacións de carácter meramente informativo, de recompilación ou oferta de información, se non levan aparellada a posibilidade de realización de procesos e transaccións económicas propias das empresas participantes. Como exemplos de procesos entre empresas pódense citar: acceso remoto a catálogos e tarifas personalizadas, xestión de existencias, xestión de pedidos, interacción co proceso produtivo, trazabilidade, reposición automática, loxística e xestión de prazos de entrega, históricos por produtos, facturación e albarás electrónicos, entre outros.

-Como complemento das actuacións anteriores poderase incluír tamén o desenvolvemento de páxinas web para a promoción comercial no exterior. As devanditas páxinas terán que permitir a consulta, como mínimo, en galego, español e inglés.

Gastos subvencionables:

* Investimentos en equipamentos de electrónica activa da rede de datos interna (servidores, conmutadores, enrutadores, barreiras de seguridade, dispositivos de almacenamento) armarios bastidores, e SAI's; cable e tomas de rede que deberán ser como mínimo categoría 6.

* Os correspondentes a contratación externa para o desenvolvemento a medida de aplicacións, parametrización, instalación e posta en funcionamento das aplicacións internas ou web.

Gastos non subvencionables:

* Elementos de usuario (ordenadores, terminais, equipos portátiles, etc).

* Licenzas de software.

* Servizos de mantemento ou garantía adicional sobre os equipos adquiridos.

* Conceptos tales como cotas de conexión, mantemento ou hospedaxe.

* Outros gastos como os de xestión e os de persoal propio aínda que estea dedicado á execución do proxecto.

* Adquisición doutras ferramentas hardware.

* Obra civil e canalizacións.

b) Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC.

Inclúese nesta epígrafe aqueles proxectos que vaian ser executados por empresas que teñen a súa actividade empresarial e o obxecto do seu negocio especificamente no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións. As empresas solicitantes deberán recoller esta actividade no seu obxecto social.

Os solicitantes definirán un único proxecto no cal se incluírán unha ou varias das seguintes actuacións:

-Desenvolvemento propio de novos produtos e servizos TIC.

Actuacións recollidas: consideraranse a realización de proxectos orientados á xeración e oferta ao mercado de novos produtos ou servizos, realizados pola empresa TIC solicitante, no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Poderán ser consideradas novas versións ou evolucións de produtos anteriores xa desenvolvidos polo solicitante, debendo, neste caso, acreditar as funcionalidades existentes no produto actual, e a evolución e mellora que se pretende acadar.

Será obxecto de avaliación:

* A descrición que faga o solicitante sobre a situación do mercado.

* Identificación de clientes reais e potenciais.

* Prezo de venda estimado do seu novo produto ou servizo.

* Descrición da metodoloxía ou métrica para empregar no desenvolvemento.

-Obtención de certificacións en metodoloxía de desenvolvemento de software.

Actuacións recollidas: consideraranse os investimentos en auditoría especializada así como os gastos da certificación final, en metodoloxía de desenvolvemento de software dentro dos estándares existentes, tales como CMMi ou ISO-15504(SPICE). A subvención dos investimentos en auditoría estará condicionada a que se acade a certificación do solicitante, debendo proceder, en caso contrario, ao reintegro das cantidades percibidas por ese concepto.

-Fomento da promoción e comercialización de produtos e servizos propios.

Actuacións recollidas: consideraranse os investimentos orientados á presenza das empresas do sector TIC en foros especializados de:

* Comercialización.

* Formación tecnolóxica.

así como os investimentos que lles permitan ás empresas unha mellor promoción dos seus produtos no mercado.

Gastos subvencionables:

* Adquisición de equipos informáticos centrais e de usuario e equipos de rede interna, necesarios para a execución do proxecto.

* Custo de persoal técnico propio con dedicación ao proxecto.

* Colaboracións externas co límite máximo do 20% do investimento subvencionable.

* Gastos de auditoría e certificación nos estándares de desenvolvemento de software.

* Gastos de asistencia a cursos de formación, feiras sectoriais ou promocionais. Poderán subvencionarse as cotas de inscrición, gastos de viaxe en medios de transporte público (avión clase turista, tren ou autobús), gastos de aloxamento cun máximo de 70 €/día, aluguer de espazo). O investimento subvencionable máximo nesta epígrafe será de 15.000 €.

* Deseño de imaxe e empaquetado de produto.

Gastos non subvencionables:

Non serán subvencionables os gastos en licenzas nin os custos de persoal directivo, xerencial ou administrativo, así como os de persoal que non se atope vinculado coa empresa mediante relación laboral. Non se considerarán custos de operación ou gastos periódicos.

2. Co obxecto de lograr a maior eficiencia na distribución dos recursos, a comisión de avaliación poderá establecer, con carácter xeral para todos os proxectos presentados, límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que, xustificadamente, se estime necesario.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 31º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionable, e se realicen dentro do prazo establecido na presente orde.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os provedores de bens ou servizos subvencionados non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

Artigo 6º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os solicitantes que realicen desenvolvementos propios acollidos á letra b) de artigo 4º poderán subcontratar a realización da actividade subvencionada de acordo cos límites establecidos en dito artigo.

Non se entenderá por subcontratación a realización de gastos en que teñan que incorrer os beneficiarios para a realización das actividades subvencionadas acollidas a letra a) do artigo 4º.

Artigo 7º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das axudas, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Adecuación aos obxectivos e actuacións da convocatoria.

2. Grao de definición e maduración do proxecto.

3. Calidade técnica e grao de innovación do proxecto

4. Impacto social (creación emprego, medidas ambientais, fomento da igualdade de xénero, integración colectivos desfavorecidos).

5. Repercusión na actividade da empresa.

6. Valoración da viabilidade económico-financieira.

Artigo 8º.-Contía das axudas.

As axudas poderán acadar, con carácter xeral, unha contía máxima do 30% do investimento subvencionable para cada proxecto.

Para aqueles proxectos que sexan realizados con soporte de código aberto, esa porcentaxe elevarase ata o 40%.

Así mesmo, cando os beneficiarios sexan micropemes ou pequenas empresas, segundo os criterios establecidos no artigo 3º desta orde, a contía das axudas poderá incrementarse ata 10 puntos porcentuais.

Artigo 9º.-Ámbito temporal e actuacións plurianuais.

Poderán acollerse á presente orde as actuacións que se describen no artigo 4º sempre que se realicen no período comprendido entre a data de presentación da solicitude e a data de xustificación dos investimentos establecida no artigo 18º desta orde.

Excepcionalmente poderanse conceder subvencións plurianuais para proxectos que superen o exercicio de 2006. Para iso estableceranse os correspondentes compromisos de gasto dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, aténdose ao disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Para as actuacións plurianuais entenderase que os investimentos realizados desde a data límite de xustificación do exercicio corrente ata o final de ano corresponderán á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como investimentos da dita anualidade.

Artigo 10º.-Obtención dos formularios normalizados de solicitude.

Os formularios de solicitude de axuda regulados nesta orde cubriraos e obteraos necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Inter-

net expres (Procedemento IN520A) establecida na Oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/> da Xunta de Galicia.

Para a correcta formalización dos formularios de solicitude, no citado enderezo de internet disporase de instrucións de axuda que deberán observar en todo momento os solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a través do teléfono 981 54 55 83 ou 981 54 43 41, do número de fax 981 54 47 06 ou do enderezo de correo electrónico axudas2006.dxpisi@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Artigo 11º.-Documentación.

Os solicitantes deberán presentar por duplicado exemplar, incluíndo orixinal ou copia compulsada e unha copia, a seguinte documentación:

1. Formularios normalizados de solicitude (composto polos anexos I, II e III), obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo anterior, debidamente asinados polo/os representante/s legal/is da empresa.

Estes formularios presentaranse sen engadir novos datos e sen realizar emendas nin riscaduras no seu formato orixinal, o que será causa de inadmisión a trámite.

2. Documentación técnica relativa ao proxecto.

2.1. Memoria explicativa, en que se detallarán todos os aspectos inherentes ao desenvolvemento do proxecto e que serán obxecto de valoración competitiva conxunta. Para facilitar a súa elaboración, recoméndase seguir o índice que se publica como anexo IV desta orde.

Co obxecto de garantir a igualdade nun procedemento en concorrencia competitiva entre os proxectos presentados ata a finalización do prazo de presentación establecido na convocatoria, non se procederá á tramitación daquelas solicitudes que non veñan acompañadas da memoria explicativa do proxecto. Esta memoria non será obxecto de emenda ou posterior mellora da documentación que conteña.

2.2. Orzamentos e ofertas desagregadas dos provedores de bens e servizos que se vaian adquirir. Non se considerarán subvencionables os gastos determinados mediante estimacións efectuadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

-Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros, no suposto de subministracións de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo

á contracción de compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención (circunstancia que se acreditará mediante factura co seu correspondente pagamento)

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa solicitude de subvención, realízase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. Documentación xurídico-administrativa do solicitante:

3.1. CIF da empresa ou NIF/NIE en caso de empresario individual, en vigor.

3.2. Documento público acreditativo do poder suficiente para actuar ante a Administración pública da/s persoa/s física/s que actúe/n en nome e representación dunha persoa xurídica. Esta documentación deberá estar en vigor.

3.3. Fotocopia do DNI/NIE, en vigor, do representante. En caso de poder mancomunado deberán achegarse as fotocopias dos DNI/NIE, en vigor, deses representantes.

3.4. No caso de solicitudes para as actuacións recollidas na letra b) do artigo 4º, as empresas acreditarán o obxecto social mediante escritura completa de constitución ou escrituras posteriores de modificación do obxecto social.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación xurídico administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada; esta identificación leva consigo a autorización para que o órgano xestor teña acceso a esta documentación.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se se constatase a súa non validez, o órgano competente poderá requirirlle o solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Innovación e Industria garante a confidencialidade dos datos recollidos na documentación prevista para as solicitudes de axuda.

Artigo 12º.-Presentación de solicitudes e documentación.

O prazo para a súa presentación será desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Dia-*

rio Oficial de Galicia, ata o 28 de abril de 2006, ambos os dous inclusive.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases. Así mesmo e de acordo co artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

A presentación de solicitudes poderá facerse, a elección do solicitante, por vía escrita ou por vía telemática, da seguinte forma:

1. Vía escrita (en soporte papel):

Para formalizar a solicitude, logo de obtención e formalización dos formularios de acordo co artigo 10º desta orde, o interesado presentará a documentación sinalada no artigo anterior por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, no das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Vía telemática (por medios electrónicos):

A vía telemática establécese como un mecanismo de presentación nun trámite único para aqueles solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

1. Será necesario que o presentador sexa unha persoa física que leve a representación legal da empresa ou entidade solicitante, e como tal figure identificado nos formularios normalizados de solicitude. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de maneira que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

2. O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, conforme o disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

3. O solicitante deberá estar exento de presentar a documentación xurídico-administrativa a que se fai referencia no punto 3 do artigo 11º desta orde de axudas, por se atopar xa en poder desta consellería ou non ter obriga de presentar.

Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática Internet expres (procedemento IN520A) establecida na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/> da Xunta de Galicia, onde se disporán dos medios de axuda á presentación de solicitudes. Tamén poderá accederse

a esta vía desde o enderezo: <http://www.xunta.es/servizos/> en administración electrónica facendo uso do rexistro telemático (procedemento IN520A).

Xunto cos formularios de solicitude, deberá anexar necesariamente a memoria á que se fai referencia no punto 2.1., e de ser o caso, a do 2.2. do artigo 11º desta orde. Para isto a aplicación de presentación permitirá anexar á solicitude arquivos informáticos cunha limitación de tamaño de 1 MB, sempre que se presenten nos seguintes formatos: .pdf, .doc, .ppt, .txt, recomendándose o emprego do primeiro formato.

Unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados e todos os documentos que acompañen a solicitude, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada.

No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación, conforme o citado Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

No caso de utilizar a vía telemática para a solicitude, o interesado tamén poderá empregar esta vía para a recepción de notificacións desta consellería e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda, excepto dos escritos e documentación referente ao proceso de xustificación dos investimentos (artigo 18º) en que non se prevé a presentación telemática.

Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante indicase nos formularios normalizados a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso, o solicitante deberá acceder á web institucional da Xunta de Galicia, nos enderezos indicados neste artigo para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a aceptación de entrega das notificacións (xustificante de recepción telemático).

Artigo 13º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixese, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

En ningún caso se considerará emendable a presentación de formularios non válidos, así como a non presentación da memoria explicativa.

Artigo 14º-Instrución e selección de solicitudes.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información a instru-

ción do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Con obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, conforme o disposto no artigo 3.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración que se axustará aos preceptos contidos no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

-Dous vogais: un subdirector xeral e un xefe de servizo designados pola directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

-Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

A comisión poderá requirir o asesoramento de expertos externos.

Esta comisión, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 7º, emitirá un informe razoado en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Neste informe incluírase unha relación ordenada dos proxectos que reúnan os requisitos para ser financiados, no cal se incluírá unha proposta de orzamento para estes, que será determinado segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos, e unha relación de proxectos non financiados, con indicación expresa dos motivos que concorran.

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, á vista do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada.

Artigo 15º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Innovación e Industria ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta e, no caso de que teña carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores. Esta resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

Esta competencia delégase nos delegados provinciais de acordo co establecido no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ata o límite dos créditos que se desconcentren.

O prazo máximo para resolver e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses a partir do día seguinte ao que finalice o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado

prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexitima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións de concesión serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Artigo 16º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Toda modificación con respecto ao proxecto concedido deberá ser solicitada polo beneficiario especificando as circunstancias que o motivan, antes do 15 de setembro, inclusive, da anualidade correspondente. Será vinculante a solicitude e o resto da documentación presentada para a obtención da subvención con respecto a provedores así como elementos subvencionados.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, e só será outorgada cando non alteren significativamente o proxecto inicial e se cumplan os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade da presente orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

Artigo 17º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Acreditar, ante a entidade concedente, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamente a axuda así como dos requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europea.

e) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Manter os investimentos e conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión.

h) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento, en concreto as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación ao proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos con fondos europeos Feder, así como pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, de acordo co disposto no artigo 46 do Regulamento (CE) nº 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño de 1999 e o Regulamento (CE) 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2004. Para isto empregaran o escudo normalizado da Comunidade Autónoma de Galicia coa lenda «Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información», e o escudo normalizado da Unión Europea coa lenda «Proxecto cofinanciado pola Unión Europea. Feder».

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet deberán realizarse en lugar visible as citadas referencias na páxina de inicio desta, así mesmo, establecerase un enlace cara a páxinas web da Comisión Europea relativas ao fondo estrutural.

Cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dese lugar a documentación (manuais, caderniños, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberá constar na contraportada das publicacións as citadas referencias.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidas no número 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 18º.-Xustificación do investimento.

O beneficiario terá de prazo ata o 3 de novembro inclusive da anualidade que corresponda.

Para o libramento de cada anualidade, o beneficiario deberá presentar, na respectiva delegación provincial ou nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención. Poderase tamén presentar a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta documentación xustificativa, sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que se presentará por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), constará dos seguintes documentos:

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/> na epígrafe impresos).

b) Memoria en que se describa a realización dos investimentos e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa realización.

c) Xustificante dos investimentos: facturas dos provedores en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. No caso de custo de persoal, copias das nóminas así como dos TC.

d) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo, agás os gastos realizados en medios de transporte público ou aloxamento.

e) No caso de investimentos en desenvolvemento de software deberase achegar códigos de programa e acceso a versións executables ou de proba dos desenvolvementos realizados. Tamén deberán achegarse os manuais xerados con motivo do desenvolvemento, así como os documentos que acrediten o

emprego dalgunha metodoloxía de desenvolvemento (actas de reunións, informes de auditoría, etc.).

f) No caso de implantación de servizos electrónicos deberase achegar documentación detallada (enderezo, usuario, claves de acceso, etc.) que permita unha avaliación e, de ser o caso, revisión a través da internet do traballo realizado.

g) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismos ou entes públicos ou privados (modelo dispoñible no enderezo da internet sinalado no punto a) deste artigo). No caso de ser beneficiario dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada.

h) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o CIF da empresa así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

i) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento con fondos Feder, segundo o sinalado no artigo 17º, letra h) desta orde.

j) O beneficiario de calquera subvención plurianual, en que o importe total supere os 30.050,61 euros, deberá achegar ademais o xustificante acreditativo do depósito na Caixa Xeral de Depósitos, do seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade de que se estea tramitando o pagamento, así como os seus correspondentes xuros (xuro legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento), por un prazo que deberá comprender como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

k) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

Artigo 19º.-Pagamento das axudas.

A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria verifiquen a documentación xustificativa de cumprimento da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión. Así mesmo, para as subvencións de capital superiores aos 60.101,21 euros, destinadas a investimentos en activos tanxibles, o órgano xestor correspondente, emitirá informe de comprobación material do investimento. Excepcionalmente, esta comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental, que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada, tal e como recolle o artigo 15.3º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 20º.-Concesión de anticipos e constitución de garantías.

Poderanse conceder anticipos de ata o 50% da subvención concedida para a correspondente anualidade, a aqueles beneficiarios que obtivesen axudas para as actividades definidas no artigo 4º naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos, de acordo co establecido no artigo 16.Dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo para solicitar o anticipo será dun mes a partir do día seguinte á data de recepción da notificación de concesión da subvención.

A concesión do anticipo farase por resolución motivada desta consellería, que será notificada para que nun prazo de 15 días a partir desta notificación presenten o xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, segundo se establece no artigo 17º do mencionado Decreto 287/2000; todo isto sen prexuízo das demais condicións específicas que se recollen nesta orde e as que, de ser o caso, se inclúan na resolución.

O importe da garantía deberá cubrir o importe do anticipo xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento de concesión e polo prazo que medie entre a data de presentación da solicitude do anticipo e, como mínimo aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación da anualidade para a que se concedeu o anticipo.

A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda.

Artigo 21º.-Incompatibilidades. Concorrencia de axudas públicas.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería.

O importe da subvención neta equivalente ás empresas, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, non poderá superar o máximo de intensidade rexional, 40% sobre o investimento subvencionable establecido para cada actividade nesta orde.

No caso de axudas a empresas PEME, engadirase un 15% adicional a dito límite, de acordo coas direc-

trices sobre axudas de Estado de finalidade rexional (98/C 74/06) en relación co mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2000-2006 en España, aprobado pola Comisión Europea/axuda de Estado número 773/99. Estes límites máximos aplicaranse tanto se a axuda provén integramente de fontes nacionais como se foi cofinanciada con fondos comunitarios (punto 4.21º directrices comunitarias sobre axudas de Estado ás pequenas e medianas empresas. DOCE nº 213, do 23 de xullo de 1996).

Enténdese por subvención neta equivalente o beneficio último que a axuda debería proporcionar á empresa unha vez deducido o imposto sobre sociedades aboado en concepto da dita axuda.

Artigo 22º.-Reintegro da axuda.

Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos supostos recollidos no número 10 do artigo 78º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que se estableza.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 23º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, no seu caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a xustificación estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como aos órga-

nos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro, que para este fin terán as facultades que lle outorga o punto 11º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 24º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 25º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, de ser o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 26º.-Normativa aplicable

En todo o non recollido na presente orde, aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do establecido na presente orde.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Promoción Industrial
 e da Sociedade da Información

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional



PROCEDEMENTO AXUDAS EN MATERIA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN520A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		ACRÓNIMO	
ENDEREZO			CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	Nº DE REGISTRO INDUSTRIAL
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
SECTOR INDUSTRIAL	ACTIVIDADE PRINCIPAL		
ANO DE CONSTITUCIÓN	PERSONAL INDEFINIDO	PERSONAL EVENTUAL	ENAE

E, na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	DNI/NIE
<i>Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante</i>		
APELIDOS	NOME	DNI/NIE

DATOS DO ÚLTIMO EJERCICIO ECONÓMICO

ANO 2005	CAPITAL SOCIAL	FONDOS PROPIOS	ACTIVO TOTAL	CASH-FLOW	FACTURACIÓN
-----------------	----------------	----------------	--------------	-----------	-------------

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA

TIPO DE ACTUACIÓN E TÍTULO DO PROXECTO			
INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	INVESTIMENTO ANO 2006	INVESTIMENTO ANO 2007	INVESTIMENTO ANO 2008
SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA	SUBVENCIÓN ANO 2006	SUBVENCIÓN ANO 2007	SUBVENCIÓN ANO 2008

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA

FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXO I (1 folla), ANEXO II (6 follas) E ANEXO III (1 folla), SEGUNDO ARTIGO 11.1).	
MEMORIA EXPLICATIVA DA SOLICITUDE SEGUNDO ARTIGO 11.2).	
ORZAMENTOS E OFERTAS DESAGREGADAS, E DE SER O CASO, MEMORIA DA ELECCIÓN DE PROVEDORES SEGUNDO ARTIGO 11.2.2).	
COPIA DO CIF/NIF SEGUNDO ARTIGO 11.3.1).	
DOCUMENTO PÚBLICO DO PODER CON QUE ACTÚAN OS SOLICITANTE/S SEGUNDO ARTIGO 11.3.2).	
FOTOCOPIA/S DO/S DNI SEGUNDO ARTIGO 11.3.3).	
DE SER O CASO, EN ACTUACIÓNS DA LÍNEA DE ACREDITACIÓN DO OBXECTO SOCIAL SEGUNDO ARTIGO 11.3.4)	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 20 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA/S QUE O REPRESENTA/N, E SELO DA EMPRESA

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	/ /
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

Valido só para efectos informativos

ANEXO II

1. IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

1.1. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			ACRÓNIMO	
ENDEREZO				CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	Nº DE REXISTRO INDUSTRIAL	TELÉFONO 1
TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	WEB DA EMPRESA	

1.2. IDENTIFICACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE
<i>Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante</i>		
APELIDOS	NOME	DNI/NIE

1.3. DECLARACIÓN DO SOLICITANTE SOBRE O CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS QUE DEFINEN AS MICROEMPRESAS, PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS, (PEME) (DEBE ELIXIR UNHA OPCIÓN DA LISTA)

A Recomendación 2003/361/CE define as empresas en función dos efectivos do persoal e o importe financeiro do volume de negocio e balance xeral, calculados, de acordo coa titularidade accionarial do capital da empresa, segundo o establecido na citada Recomendación. Tendo en conta estes criterios, o solicitante realiza a seguinte declaración:

O solicitante declárase como _____ segundo o establecido na Recomendación 2003/361/CE, para o cal asina o anexo III.

1.4. DECLARACIÓN DO SOLICITANTE DE NON ESTAR INCURSO NAS PROHIBICIÓNS PARA SOLICITAR SUBVENCIONS

O solicitante declara que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.:

SI ten coñecemento do exposto anteriormente para o cal asina o anexo III.

1.5. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA

	NON PRESENTA	SI PRESENTA	SI, DISPOÑIBLE NA CONSELLERÍA NO PROCEDEMENTO INDICADO
FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXO I (1 folia), ANEXO II (6 follas) E ANEXO III (1 folia), SEGUNDO ARTIGO 11.1).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	----
MEMORIA EXPLICATIVA DA SOLICITUDE SEGUNDO ARTIGO 11.2.1).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	----
ORZAMENTOS E OFERTAS DESAGREGADAS, E DE SER O CASO, MEMORIA DA ELECCIÓN DE PROVEDORES SEGUNDO ARTIGO 11.2.2).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	----
COPIA DO CIF/NIF SEGUNDO ARTIGO 11.2.3).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DOCUMENTO PÚBLICO DO PODER, CUNQUE ACTÚA/N O/S SOLICITANTE/S SEGUNDO ARTIGO 11.3.2).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
FOTOCOPIA/S DO/S DNI SEGUNDO ARTIGO 11.3.3).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DE SER O CASO, EN ACTUACIÓNS DA LIÑA b), ACREDITACIÓN DO OBXECTO SOCIAL SEGUNDO ARTIGO 11.3.4)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

1.6. DECLARACIÓN VOLUNTARIA DO SOLICITANTE EN QUE MANIFESTA A SÚA PREFERENCIA POLA NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA (DEBE ELIXIR UNHA DAS OPCIÓNS)

Neste procedemento permítese a presentación das solicitudes por vía escrita ou por vía telemática, segundo o artigo 12º da orde de convocatoria. No caso de utilizar a vía telemática para a solicitude, o interesado tamén poderá empregar esta vía para a recepción de notificacións da consellería. Esta declaración non será tida en conta se finalmente a solicitude se presenta por vía escrita.

SI DECLARA a preferencia pola notificación telemática neste procedemento administrativo e sinala para recibir o aviso de notificación o seguinte enderezo electrónico: _____

NON DECLARA a preferencia pola notificación telemática neste procedemento administrativo e SI DECLARA a preferencia pola notificación por vía escrita.